

OITAVO CONCURSO DE MICRORRELATOS

RELATOS **GAÑADORES**



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Un pobo que conta

Somos un pobo que conta. Facémolo desde tempos inmemoriais a través da palabra transmitida oralmente, cantada en forma de coplas que conforman o cancionero tradicional que recoñecemos nestas Letras Galegas 2025 protagonizadas polas cantareiras. Somos un pobo que conta, en forma de contos narrados á beira da lareira, de relatos breves escritos por grandes mestres como Castelao, outra figura senlleira da nosa cultura que honramos neste 2025. Setenta e cinco anos despois do seu pasamento, somos un pobo que conta na lingua por obra e graza da cal somos galegos. Contamos e cantamos nos terreiros. Contamos sobre o papel. E contamos tamén na Rede, a última aldea global, onde compartimos estas pequenas nove grandes historias premiadas no VIII Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal. Nove textos, por baixo das 200 palabras, de sete autoras e dous autores entre os 9 e os 39 anos que nos demostran, un ano máis, que en galego habemos seguir a contalo todo.

Henrique Monteagudo

Presidente da Real
Academia Galega

Manuel González González

Presidente de PuntoGal

O xurado

As nove historias que se recollen nesta publicación foron premiadas no **VIII Concurso de microrrelatos** da Real Academia Galega e PuntoGal, ao que se presentaron case un milleiro de textos.



O xurado da **categoría de persoas adultas** compuxérono o académico de número **Víctor F. Freixanes**; a xornalista e profesora **Yolanda Virseda**; o presidente de PuntoGal e académico **Manuel González**; a académica correspondente **Débora Campos**; e o director xeral de PuntoGal, **Darío Janeiro**.



Os contos que concorreron ás **categorías infantil e xuvenil** foron valorados por **Concha Losada**, presidenta do padroado do Museo do Pobo Galego e vogal de PuntoGal; o académico correspondente **Xosé María Lema**; a filóloga e membro do equipo de PuntoGal **Cristina Ríos**; o editor, xornalista, crítico literario e escritor **César Lorenzo**; e a académica correspondente **Ana Romero Masiá**.

O cadro

Santiago Argüeso Galván (1997) Primeiro premio da categoría de persoas adultas

Outra vez levas ese xersei, sabes de sobra que xa non me gusta, lémbreme a Lougán. Non entendo por que tes que saír hoxe tamén, se debe ser domingo, como mínimo. Na radio din que ha de vir pedrazo, máis vale que aparques nun sitio agochado, lembra o que lle pasou a Heleniña aquel ano. A ver se me avisas se vés comer, que se non, para min non fago. Un pouquiño de queixo e unha froita e xa me apaño. E se ves a Lourenzo dille que debe o do tabaco, que non se esqueza, que o teño que dar esta semana sen falla. Toma de paso duascentas e tráesme un quilo de fariña e un par de tomates para a empanada de mañá, que vén a nena. Ai, de verdade! Sabes que odio que non me mires cando che falo. Ala, marcha, que ao final...

—Vamos, señora Olga, que hai que merendar, e o fulano ese hoxe tampouco se vira para falar con vostede.

De formación filólogo, e de vocación docente, sempre entendín a literatura como o último agocho ao que poder escapar cando a realidade resulta incómoda de máis.



Lagamei Lalo

Damián Fernández Rodríguez (1986) Segundo premio da categoría de persoas adultas

Había anos que se demostrara oficialmente que Lagamei Lalo era a única persoa no mundo capaz de adiviñar o futuro con total certeza. Como a vidente só aceptaba unha consulta por persoa, Antía pensou moito e preguntoulle polo que máis lle preocupaba.

—Estará Anxo namorado de min durante toda a miña vida?

—Non.

Tras darlle demasiadas voltas (non as suficientes), Antía rematou a súa relación con Anxo para evitar penas futuras cando el xa non estivese namorado dela. Nunca máis o volveu ver; nunca máis atopou ninguén coma el.

Nunca soubo que Anxo morreu antes ca ela; nunca soubo que formulara mal a pregunta.

Galego establecido en Barcelona. Traballa en calidade lingüística e escribe tanto relatos breves coma textos máis longos, por paixón e curiosidade.



Tan duro

Rebeca Lema Martínez (1986) Terceiro premio da categoría de persoas adultas

Sabes esa sensación de que, por máis que o desexes, non acabas de... encaixar? Pois a min pásame moito. A miúdo escoito que son complicado, cando non creo que o problema resida na miña natureza en absoluto, senón en que, lamentablemente, hai persoas moi pechadas que non se esforzan nin o máis mínimo por entenderme. E aínda peores son aquelas que non teñen ningún reparo en dicirme que non son tan importante. Nin que eu fose o típico egocéntrico que se ten polo embigo do mundo! Por suposto que non me considero mellor que o resto, pero, obviamente, tampouco me gusta que me menosprecen. Síntome usado? Si. Mal! Entre nós, o que a min de verdade me gustaría sería que me usasen como é debido. Será tanto pedir? Xúroche que nunca pensei que fose tan duro ser un pronome átono en galego.

Galega asentada en Varsovia, docente a tempo completo e escritora aos poucos, decote á procura de lugares que visitar, linguas que aprender e historias que contar.



No tempo esquecido

Yanira Ansedo Iglesias (2008) Primeiro premio da categoría xuvenil

A carta chegou demasiado tarde. Xa non había ningunha esperanza. Pasaron os anos, os meses e os días sen que ninguén se acordase dela. María colleuna da caixa de correo sen moito entusiasmo. Estaba engurrada, coma se o tempo a fixese parte dunha historia que xa non importaba. Foi a última carta que enviou. Lía as palabras cun sorriso triste. Aquelas letras, en tempos pasados cheas de promesas, estaban agora só escritas nun papel vello. «Espérote na casa», dicía. Pero a casa xa non existía. O seu lugar estaba ocupado por outras memorias, por outros corpos e outros rostros que non a incluían. Ela xa non agardaba, e el... tampouco.

Recordaba a súa última tarde de verán, cando o vento parecía agardar que todo sería mellor. Ela non lle contestou a carta que el lle enviara naquelas datas. A espera prolongábase, pero o tempo non perdoaba. O silencio encheu todos os espazos. María mirou o selo. Era antigo. Coma ela. Coma el. O que antes parecía unha promesa de futuro agora é só un recordo difuso, coma un peixe atrapado entre as redes do pasado. A carta chegou tarde, pero a súa resposta agora nunca chegaría.

Gústanme o fútbol e os coches. Xogo dende os 4 anos e son afeccionada do Dépor. Non escribo moito pero teño moitas historias na cabeza.



A chave

Mencía Rodríguez Lorenzo (2009) Segundo premio da categoría xuvenil

Virou a chave e reinou o silencio, mais parecíalle escoitar algo ao lonxe. Xirouse amodiño e viu como viñan polos camiños carreiros de xente. Vía carros cargados, mulleres lavar aló na beira do río, nenas peiteando espigas, nenos xogando con pedras... Nun deses nenos recoñeceu o seu avó. Comezou a correr o tempo e viu como ía á escola, como empezaba a traballar, como casou e como súa nai ía medrando. Mesmo se viu de pequeno no colo da avoa. Atreveuse entón a erguer a vista cara á pequena capela, e por un momento escoitou o repicar da súa campá.

De súpeto, o ruído de fondo calou, xa non se escoitaban voces nin pasos nin nenos xogando. Volveu mirar a ambos os lados, mirou o prado, os camiños, e levou a vista ata a beira do río. Naquel desolador silencio volveu xirarse e, coa cara cuberta de bágoas, quitou a chave da porta e botouse a andar cara ao coche. Fitou unha última vez a casa dos seus avós, e lanzándolle un bico decatouse de que, ao pechar aquela casa, xa non quedaba ninguén na aldea. E unha aldea sen xente non é unha aldea, é unha derrota.

Son Mencía e son de Guitiriz.
Leo e escribo porque un día de nena á miña avoa ocorréuselle regalarme un poemario. Nacín e morrerei escribindo en galego.



A noite que nunca esquecerán

María Conde Alba (2008) Terceiro premio da categoría xuvenil

Era a noite de San Xoán en Montevello, e Uxío, Xiana e Lucas decidiron alterar o conxuro da queimada. "Din que, se cambias as palabras, esperta algo que está durmido", murmurou Lucas, inqueda pero curioso. Entre risas nerviosas, improvisaron versos, mesturando palabras antigas con bromas.

O lume apagouse de súpeto. Do caldeiro espertou unha figura feita de fume e sombras. "Chamástesme, e eu respondín", dixo cunha voz que parecía saír da mesma terra. "Os vosos desexos serán cumpridos... pero terán un prezo."

A figura desapareceu e as chamas volveron, coma se nada pasase. Ao día seguinte, todo cambiou. Xiana comezou a escoitar os pensamentos de todos, algo que logo a consumiría. Uxío descubriu que a súa sombra tiña vida propia e o perseguía. Lucas soñaba con futuros inevitables e tráxicos.

Desesperados, intentaron desfacer os seus desexos, pero a figura nunca volveu. Unha noite, ao mirar as lapas dunha nova queimada, viron os seus propios rostros no lume, atrapados, suplicando.

Dende entón, ninguén en Montevello se atreve a alterar o esconxuro. Mais, nas noites de San Xoán, din que, se miras o lume demasiado tempo, podes velos alí, consumíndose eternamente.

Estudo 1º de bacharelato internacional (Colexio Eirís). Gústame o piano dende os catro anos e o meu tempo libre emprégoo cos amigos.



A negrura da noite

Ana López Canosa (2013) Primeiro premio da categoría infantil

A noite fixo as maletas e marchou, farta de tanta queixa.
O Sol púxose ben contento, brillando todo o día sen que ninguén lle fixese sombra, pero a ledicia durou pouco.

Os primeiros en queixárense foron os astrónomos, que non podían traballar. Logo, os nenos e nenas, cansos de non durmir coa claridade. Os animais estaban desconcertados sen o manto escuro da noite que os protexía nos paseos nocturnos. Os mouchos e curuxas non sabían cando oulear!

Volveuse todo un caos e tamén unha petición global: onde foi a noite? Queremos que volva! Non podemos descansar! Non hai calma nin silencio!

O Sol, que tan contento estaba e que tanto protestaba ao vela achegarse coa súa negrura, comezou a preocuparse. O asunto volvíaselle en contra.

—Apágate un pouco! —berrábanlle algúns.

Foi a Lúa quen un día lle dixo baixiño:

—A min pouco me importa a súa cor negra. Pode dicirse que eu non existo se non é por ela. Necesitámonos os uns aos outros.

O Sol, tristísimo, laiábase do seu egoísmo e por creerse mellor ca ninguén.

A piques estaba de berrar para chamala cando, sen necesidade de que llo pedisen, a noite regresou.

Chámome Ana e vou rematar primaria. Gústame moito ler, escribir, debuxar, a música e tocar o violín, así como pasar tempo coa familia, os amigos e ir á praia.



O libro do tempo esquecido

Laura Álvarez Barrio (2013) Segundo premio da categoría infantil

Martín e Eva, dous amigos de 11 anos, ían á biblioteca para facer os deberes. Chegaron, sentáronse, rodeados de libros que parecían murmurar segredos. Martín aburriuse axiña, e mentres buscaba algo emocionante mirou un libro xigantesco, cuberto de po e misterio.

—De que trata? —preguntou Eva.

—Nin idea, vexámolo —dixo Martín.

Xuntos abrírono, e nun chiscar de ollos a biblioteca desapareceu. Encontráronse noutra dimensión, onde o ceo brillaba en tons imposibles, criaturas fantásticas danzaban entre árbores que parecían falar. Durante horas exploraron o lugar. Non obstante, o tempo comezou a desvanecerse.

—Hai que volver —dixo Eva entristecida.

Cun forte desexo de regresar, pecharon os ollos e, ao abrilos, encontráronse de novo na biblioteca. Confundidos, miraron o reloxo, era a mesma hora que cando entraron.

—Como é posible? —preguntou Martín.

Eva sorriu, comprendendo que aquel libro foi un lugar onde non existía o tempo. A medida que pasaron os días e os meses, volveron ao libro unha e outra vez. Cada viaxe era un novo descubrimento, un lugar onde podían ser quen realmente eran, lonxe do rápido tempo. O libro converteuse no seu refuxio secreto, sabendo que sempre terían un fogar nas letras escritas.

Din que son de Redondela do 2013, que estudo 6º de primaria no Santa Mariña, que somos tres irmáns cuns pais adorables... Non, eu son de onde cada libro me asoma.



O murmurio da montaña

Irene Suárez Rodríguez (2015) Terceiro premio da categoría infantil

A casa dos meus avós está na montaña, entre montañas altas que parecen tocar o ceo. No verán, todo se enche de cores: o amarelo das xestas, o morado das uces e o verde dos carballos. Encántame correr polas corredoiras, saltar sobre as raíces das árbores e escoitar o regato cantar.

Un día, mentres xogaba no monte, escoitei un murmurio. Parei de súpeto. Non era o vento nin os paxaros, era unha voz moi baixiña.

—Quen está aí? —preguntei.

Ninguén respondeu, pero entre as raíces dun castiñeiro vin unha pedra cunhas marcas estrañas. Achegueime, toqueina e a voz murmurou:

—Son a montaña. Estábate agardando.

Sentín un calafrío e saín correndo ata a casa dos meus avós. Conteillo todo ao meu avó, e sorriu.

—As montañas gardan segredos
—díxome—, se che falou é porque es parte dela.

Esa noite volvín escoitar o murmurio na ventá, e xa non tiveron medo. A montaña coñecía-me e eu a ela tamén.

Teño 9 anos e nacín en Lugo, estudo no CEIP das Mercedes. Encántame ler e a música. Gústame ir á biblioteca buscar libros e pasar tempo coas miñas amigas.





REAL
ACADEMIA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

Obra producida no ámbito
da subvención concedida
á Real Academia Galega
polo Ministerio de Ciencia,
Innovación e Universidades